

SEPARACIÓN E DIVORCIO

REQUISITOS

Quen desexe pór fin ao seu matrimonio pode presentar **DEMANDA DE SEPARACIÓN** ou **DIVORCIO** ante o Xulgado que lle corresponda.

O único requisito para solicitar a **SEPARACIÓN** ou o **DIVORCIO** será que transcorran 3 MESES DENDE A CELEBRACIÓN DO MATRIMONIO. Se houbo **MALOS TRATOS** non será necesario ese prazo de 3 meses.

QUÉ TRÁMITES TES QUE SEGUIR

- Habará que acudir a una avogado/a, xa que este é necesario sempre, do mesmo xeito que un procurador.
- Podes solicitar unha/un avogada/o e procurador/a de oficio, que che serán concedidos sempre que non superes o límite de ingresos que fixa a Lei. A/o avogada/o de oficio solicítase no Colexio de Avogados do Xulgado que vaia levar a separación ou o divorcio.

A **SEPARACIÓN** ou o **DIVORCIO** poden ser de **MUTUO ACORDO** ou **CONTENCIOSO** (cando non hai acordo).

En calquera dos dous casos a sentenza recollerá unha serie de medidas sobre:

- Garda e custodia dos fillos/as, patria potestade e dereito de visitas.
- Pensión de alimentos a favor dos fillos e fillas menores de idade ou maiores pero dependentes aínda dos pais, e a contribución ás cargas familiares (como poden ser o pago de créditos, e calquera tipo de gastos derivado da familia).
- Uso do domicilio familiar.
- Pensión compensatoria se a separación ou o divorcio supoñen un desequilibrio económico entre os dous membros do matrimonio.

Se non hai acordo entre o marido e a muller, celebrarase un xuízo e o xuíz decidirá sobre cada unha destas cuestións.

Se se tramita de **MUTUO ACORDO**, asinarase un Convenio Regulador, que redacta a/o avogada/o segundo o que marido e muller acorden. Ese convenio ratificarase despois ante o Xulgado e unha vez ratificado o xuíz dicta sentenza aprobándoo. Normalmente, o único límite é que os acordos que se asinen nese convenio non supoñan un prexuízo para os fillos menores segundo o xuíz ou o fiscal.

MENTRAS NON SE DICTA SENTENZA ¿QUÉ FACER COA CASA, OS MENORES ...?

Antes da demanda ou ao mesmo tempo que esta, podes solicitar MEDIDAS PROVISIONAIS para que o Xulgado fixe quen se vai a quedar na vivenda, como se vai a facer fronte aos gastos familiares, a custodia dos fillos e fillas e o seu réxime de visitas, así como a pensión de alimentos.

Estas medidas serán provisionais e durarán ata que se dicte sentenza definitiva de separación ou divorcio, que manterá esas medidas ou as modificará, segundo os casos.

¿PÓDESE MODIFICAR UNHA SENTENZA DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO?

Sí: cando varíen de forma importante as circunstancias que se tiveron en conta na primeira sentenza (os fillos teñen máis gastos, a túa situación económica ou a do pai cambiou, etc) , pero terás que iniciar un novo proceso xudicial, que poderá ser tamén de mutuo acordo ou contencioso.

NO CASO DE RELACIÓN NON MATRIMONIAL cando se queira pór fin, poderá tamén acudir ao Xulgado para determinar unha serie de medidas derivadas do fin da relación: se existen fillos determinarase igualmente a garda e custodia, dereito de visitas, pensión de alimentos, etc., e tamén pode haber unha serie de consecuencias patrimoniais (bens comúns da parella, dereito de uso da vivenda compartida, etc.) que poderán regularse xudicialmente.

SE HAI MALOS TRATOS

- Cando es vítima de violencia por parte da túa parella, non tes que esperar 3 meses para pedir a separación ou o divorcio, senón que podes solicitalo de inmediato.

- Se presentas DENUNCIA POR MALOS TRATOS e solicitas unha ORDE DE AFASTAMENTO, comparecerás ante o xuíz para que este decida, e pode establecer xa medidas sobre o uso da casa, a custodia dos fillos e o réxime de visitas, e a pensión de alimentos.

- Estas medidas teñen unha duración de 30 días. Nese prazo máximo haberás de solicitar a separación ou o divorcio para que esas medidas se confirmen por 30 días máis, transcurridos os cales o xuíz decidirá se se modifican ou non. Se non solicitas a separación ou o divorcio nese prazo máximo de 30 días, as medidas civís acordadas coa orde de afastamento quedarán sen efecto.